

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **VINTEUN DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do tenente de Alcalde **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e o concelleiro **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

Non asiste: **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**  
**D<sup>a</sup> MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3<sup>o</sup>.- CONTRATACIÓN.-**

**4<sup>o</sup>.- URBANISMO.-**

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 14, 21 e 28 de xullo de 2011; 04, 11 e 16 de agosto de 2011; 01, 08, 09, 15, 22, 23, 29 e 30 de setembro de 2011 e 06 e 11 de outubro de 2011, coa seguinte corrección de erros na acta do 06 de outubro de 2011:

- Deberase engadir no punto “2.1.- Adecuación e modernización de equipamentos comerciais” un apartado sétimo onde dí: Noemar como director da obra Melloras nas rúas dos núcleos urbáns de Silleda e A Bandeira: Rúa Morón, Alfonso Trabazo e Braña do Medio no núcleo urbán de Silleda e a rúa Parque no núcleo urbán de Bandeira o Arquitecto Asesor Técnico Municipal D<sup>o</sup> Lino Manuel Doportto Framil”

## **2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

**2.1.-** Dase conta do escrito presentado por Dº José Criado Lojo, Dº José Villar Villamayor, Dª Pilar Palmou Laje e Dº Andrés Sánchez López, Rexistro de Entrada nº 4047, de data 22 de setembro de 2011, no que expoñen que existe un camiño público que atravesada dende a finca 536 ata a 547, polígono 62 do plano catastral. Que o novo propietario da finca 540 abriu unha zanja nun lateral da súa finca que corte dito camiño público impedindo a libre circulación e o acceso por este camiño a fincas doutros propietarios; polo que solicitan se restituía a legalidade e dito camiño poida ser transitado libremente.

Visto o informe técnico emitido en data 18 de outubro de 2011 no que se indica que coa documentación obrante no departamento técnico urbanístico, vías e obras, non se pode precisar a existencia deste camiño como tal, nin a súa titularidade pública ou privada, no seu caso.

Visto o informe xurídico emitido en data 18 de outubro de 2011 no que se indica que a cuestión plantexada escapa do ámbito do dereito público polo que a problemática suscitada haberá de solventarse dentro da xurisdicción civil.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda notificar ós solicitantes que non consta que o camiño anteriormente citado sexa público, polo que se trata dunha cuestión privada e deberá solventarse dentro da xurisdicción civil.

**2.2.-** Visto que, con data 15 de setembro de 2011, Rexistro de Entrada nº 3964, por Establecimentos Xanadú S.L. preséntase escrito no que indica que pola Asociación de Veciños de Ansemil-Martixe se lle contratou a reforma de varias estancias, así como impermeabilización de outras, etc, polo que nun prazo de dez días, e de non existir impedimento, empezaranse as mesmas.

Visto que, con data 22 de setembro de 2011 pola Alcaldía requíreselle a Establecimentos Xanadú S.L. a presentación dun aval polo importe do 5% do valor das obras, polos danos que se puideran producir durante a execución dos traballos no Centro Social de Ansemil-Martixe, así como a presentación dos TC's dos traballadores que realizarán as obras e un plan de seguridade das mesmas, informándolle que de non presentar a documentación e o aval requeridos poderá supoñer a paralización dos traballos.

Visto que, con data 18 de outubro de 2011 emiteuse informe técnico que literalmente dí:

*“O día 18 de Outubro de 2011, o técnico que subscribe persóase no Local do Teleclub de Martixe, a fin de avaliar o estado no que se atopan as obras rematadas recentemente. Nunha inspección visual, conséntase que o rexuntado interior das pedras de mampostería ordinaria que conforman as paredes perimetrais da planta superior do edificio, está deficientemente executado, observándose un acabado deficiente, coas marcas de paleta sen rematar.*”

*Por outra parte, a parede presenta as pedras manchadas có morteiro de rexuntado, que se aprecia máis na parte superior da parede, no pinche do faldón que limita có palco de música.”*

Visto que na cláusula cuarta do convenio de cesión de uso que ten asinada a Asociación co Concello, obriga a Asociación a non realizar obras ou reformas no local nin alterar os bens mobles do local sen previa autorización do Concello.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Advertirlle a Asociación Veciñal e Cultural de Ansemil-Martixe, como promotores das obras, que incumpriron a cláusula cuarta do convenio, e que futuros incumprimentos poden dar lugar a rescisión do mesmo.

2º.- Que a Asociación Veciñal ordene a empresa contratada para a realización destas obras, que faga as reparacións oportunas para deixala en bo estado.

3º.- Dar traslado ós servizos xurídicos do Concello para que estudie o incumprimento por parte do contratista da orde da alcaldía de solicitude de autorización, presentación de aval e documentación.

4º.- Notificar este acordo a Asociación Veciñal e Cultural de Ansemil-Martixe e a Establecimentos Xanadú S.L.

**2.3.-** Dase conta da proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2011, que literalmente dí:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA:*

*Visto que nos últimos meses se está a constatar un aumento das denuncias entre veciños por cuestións relacionadas coas licenzas de obra*

*Visto que neste senso tampouco se está a realizar un control ou seguimento da concesión de permisos de obra.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*- Establecer un procedemento de actuación para que a Policía Local de Silleda asuma o control e seguimento das licenzas municipais de obra e as que se outorgan para ocupación de vía pública.*

*No caso das licenzas de obra proponse o seguinte procedemento:*

- 1) *Ordenar aos axentes da Policía Local a supervisión e control sobre calquera obra que se execute en todo o termo municipal*
- 2) *Os membros da Policía Local deberán, de oficio, apercibir aos promotores das actuacións sobre a obrigabilidade de tramitar licenza de obra. Tamén deberán de realizar o control e seguimento dos traballos*
- 3) *Así mesmo, os axentes deberán de informar á Alcaldía de cada actuación iniciada de oficio .*

*No caso das licenzas para ocupación de vía pública o procedemento sería o seguinte:*

- 1) *Co informe que emita a Policía Local resolverase pola Alcaldía ás peticións sobre a autorización e se requirirá ao interesado/a para a liquidación das correspondentes taxas.*
- 2) *Os axentes velarán para que non se produza no término municipal ocupacións de vía non autorizadas.*
- 3) *Tamén será responsabilidade do corpo municipal velar polo cumprimento dos prazos para os que foron concedidas as licenzas e porque non haxa ningunha ocupación ilegal*
- 4) *Cada solicitude de ocupación de vía pública deberá ser verificada pola Policía Local, que determinará se é ou non autorizable*
- 5) *Se a ocupación non é autorizable, se lle dará traslado inmediato ao promotor da mesma. No caso de que sexa autorizable, se lle requirirá para que faga efectivo o pago das taxas.”*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar-la proposta da Alcaldía transcrita anteriormente.

2º.- Dar traslado deste acordo a Policía Local.

**2.4.-** Dase conta do escrito remitido polo Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos de Galicia, Rexistrod e Entrada nº 4443, de data 17 de outubro de 2011, comunicando o nomeamento de Dº Juan Alvarez de Gabriel, por Construcciones Caldevergazo S.L., como director das obras de “Abastecemento de Auga para uso doméstico na parroquia de Piñeiro. Silleda”, rexistrándose o mesmo en data 03 de outubro de 2011, coa referencia 25868.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.5.-** Dase conta do escrito con Rexistro de Entrada nº 4472, de data 17 de outubro de 2011, remitido por D<sup>a</sup> Laura Antón Doberro, como responsable do cumprimento da Resolución de Autorización Ambiental Integrada outorgada a empresa Explotación Minera de Campomarzo S.A., que en resposta o acordo desta Xunta de Goberno Local, correspondente a sesión do 01 de setembro de 2011, remítese informe explicando o acontecido no incendio producido o martes día 30 de agosto no vertedoiro de inertes e resultados dos controis que ordinariamente ven realizando, axuntado a este escrito un CD con toda a documentación requirida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir a documentación enviada o Concelleiro de Medio Ambiente para que a mesma sexa analizada polo seu departamento.

**2.6.-** Dase conta da providencia da Alcaldía, de data 23 de setembro de 2011, na que se pon de manifesto que recibidas queixas sobre o mal estado das obras efectuadas na praza da Feira Vella, e en concreto sobre a presenza de adoquíns soltos que supoñen un perigo para os cativos que se acheguen a este emprazamento, insta a que se realice a pertinente comprobación in situ da situación da praza.

Con data 24 de setembro de 2011, polo funcionario municipal D<sup>o</sup> José Antonio Fondevila, infórmase que procedeuse a comprobar o estado das obras efectuadas na praza da Feira Vella, confirmando a existencia de adoquíns soltos co conseguinte perigo, e que procedeuse a realización de traballos necesarios para subsanar esta situación, coa debida retirada dos elementos que estaban soltos.

Asimesmo, en data 23 de setembro de 2011, emítese informe técnico que transcríbese literalmente a continuación:

*“A requirimento da Alcaldesa do Concello de Silleda, redáctase o presente informe técnico relativo ao estado das obras efectuadas na Praza da Feira Vella, de Silleda.*

**INFORME:**

*O día 23 de setembro de 2011, o técnico que subscribe persóase na Praza da Feira Vella para avaliar o estado no que se atopan as obras rematadas recentemente. Nunha inspección visual, conséntase que os adoquíns de granito que foron colocados delimitando e separando a zona empedrada peonil das áreas con césped e, preséntanse grande parte deles soltos, e mesmo desprazados da súa ubicación inicial.*

*Constátase que os elementos soltos, son empregados como elemento de xogo, có conseguinte perigo e risco para a poboación infantil, en grande medida usuaria desta praza.*

*Aparentemente, estas pezas de granito foron encoladas primeiramente con un morteiro*

*ou pasta de cemento, que por motivos de dilatacións térmicas diferecias, produceu que se soltaran as pezas. Posteriormente procedeuse a adherilos con silicona ou similar, que tamén resultou ineficaz.”*

Visto que postos en contacto coa dirección da obra para intentar subsanar as citadas deficiencias e non obter resposta da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar conta a Excm. Deputación provincial de Pontevedra dos defectos da Praza da Feira Vella.

**2.7.-** Visto que ordenouse pola Alcaldía realizar analíticas de auga en distintos puntos do Concello por parte da Consellería de Sanidade e a empresa concesionaria do Servizo de Augas, dase conta dos seguintes informes sobre o abastecemento auga de consumo:

1.- Da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, de data 20 de outubro de 2011, dentro do Programa Galego de Vixiancia Sanitaria informa que na traída municipal de Bandeira, sendo o lugar de control o Centro de Saúde e a data do mesmo o 20 de outubro de 2011, non se detecta cloro libre residual.

2.- De Espina y Delfín S.L., de data 07 de outubro de 2011, remitindo últimas analíticas de autocontrol realizadas nos sistemas municipais de abastecemento, concretamente no Depósito Maceiraboa de Bandeira, Depósito de Marco en Silleda e Polígono Industrial de Silleda, na que se confirma a potabilidade de auga de consumo, así como copia do libro rexistro dos niveis diarios de axente desinfectante e do exame organoléptico en ambas redes.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste informes.

**2.8.-** Escrito do Defensor do pobo, Rexistro de Entrada nº 4293, de data 07 de outubro de 2011, comunicando que con data 13 de xullo de 2011 esta Institución enviou un escrito a esta Alcaldía, en resposta o informe (saida nº 1008), no que comunica seu traslado a dona Cristina Taboada Espiño, que formula a queixa 10024287, para o cumprimento do trámite de alegacións. Trascorrido o prazo sin que a interesada dera satisfacción o citado trámite, procédese o arquivo do expediente de queixa de conformidade co disposto no artigo 31.3 da lei Orgánica 3/1981, de 6 de abril, do Defensor do Pobo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta comunicación.

**2.9.-** Escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 4290 de data 07 de outubro de 2011, remitindo notificación da resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras pola que se resolve a concesión das axudas convocadas pola Orde do 29 de decembro de 2011, para financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, pola que se concede a este Concello as seguintes:

<i>Proxecto</i>	Recollida porta a porta de plásticos agrícolas
<i>Actuación subvencionable</i>	Servizo de transporte
<i>Importe máximo de axuda concedido</i>	5.360,00 €
<i>Período subvencionable</i>	Do 1 de novembro de 2010 ao 31 de outubro de 2011

<i>Proxecto</i>	Melloras para o Punto Limpo
<i>Actuación subvencionable</i>	Mellora do sistema de iluminación para a caseta de RP e instalación dun sistema de video-vixiancia conectado coa Policía.
<i>Importe máximo de axuda concedido</i>	3.775,00 €
<i>Período subvencionable</i>	Do 1 de novembro de 2010 ao 31 de outubro de 2011

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.10.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 4282, de data 06 de outubro 2011, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de setembro de 2011 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Hermanos de la Fuente CB	Rúa Antón Alonso Ríos, 4 baixo (Silleda)
Sánchez Guerra Manuel	Barrio do Campo, 7-P4-3M (Silleda)
Fontao Louzao Emilia	Rúa D, 10 baixo (Silleda)
Tallón García María José	Rúa D, 28-2B (Silleda)
Gómez García María Sonia	Lg. Margaride, 16 baixo (Margaride)
Balboa Iglesias Miguel	Rúa do Parque, 19-1A (Bandeira)
Lorenzo Curros María Teresa	Rúa do Parque, 3-2B (Bandeira)
Promotora Lalín 2000 S.L.	Tv. República Arxentina s/n-3G (Silleda)
Coesco S.L.	Políg. Área 33-Parc. 1 (Silleda)
Aguirre Fernández Marta Elena	Barrio do Campo, 12-1E (Silleda)

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
AB Energy Advisors SLNE	R/ Ramón de Valenzuela, 42-2A (Bandeira)
Tato garcía Merita	R/ Ramón de Valenzuela, 42-2B (Bandeira)
Uriza Menéndez José Manuel	Rúa do parque, 19-3C (Silleda)
Framiñán Ramos Guillermo D	Lg Redondo, 12 (Vilar)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

**2.11.-** Dase conta do informe emitido pola Policía Local do Concello, nº 370/11, de data 13 de outubro de 2011, sobre modificacións a levar a cabo na rúa M<sup>a</sup> Colmeiro de Silleda, no que literalmente consta:

*“N/REF.: Informe 370/11*

*Asunto: RUA MARIA COLMEIRO*

*Segundo as indicacions do Sr. Concelleiro Cultura, Educacion e Turismo, o cal solicita a elaboración dun informe no que se contemplan as modificacións a levar a cabo no tramo da rúa María Colmeiro no que se atopa o colexio María Inmaculada, para a consecución dos seguintes obxectivos:*

- a) mellorar a seguridade dos peons*
- b) sinalizar un espazo, que abarque tres prazas de estacionamento, dedicado exclusivamente para deixar o coche os pais que leven os seus cativos o colexio, procédese co seguinte informe.*

#### **CARACTERISTICAS DO MENCIONADO TRAMO DA RUA MARIA COLMEIRO**

*O tramo da rúa María Colmeiro que nos ocupa empeza no cruce desta coa rúa Santa Eulalia, e acaba na rúa Trasdeza.*

*Trátase dunha vía de sentido único e un só carril de circulación, plano a nivel, beiravías de estacionamento e beirarúas elevadas sobre o nivel do pavimento a ambos os dous lados.*

*Sinalización vertical: sinal de perigo por zona escolar ao comezo de tramo, e sinais informativos de situación de paso de peons no paso situado fronte o colexio María Inmaculada.*

*Sinalización horizontal: líneas lonxitudinais discontinuas de separación de beiravías*



*de estacionamento, e paso para peons tipo cebra nas proximidades dos cruces coa rúa Santa Eulalia e coa rúa Trasdeza, e fronte ao colexio. Espazo acotado, fronte ao nº 17, con liña de cor amarela para estacionamento do autobús escolar.*

*Velocidade limitada a 50 Km./h*

#### **ACTUACIONES QUE SE PROPOÑEN PARA RESERVAR O ESTACIONAMENTO AOS PAIS DOS CATIVOS**

*Inmediatamente antes do paso de peons ubicado fronte ao colexio, e no espazo da beiravía, podense acotar tres prazas de estacionamento con liña de cor amarela. Xunto a estas prazas colocárase un sinal de estacionamento prohibido, cunha placa complementaria coa lenda "en días e horario lectivos, excepto vehículos autorizados".*

*Os coches que pudesen ter dereito a utilizar este espazo serían dotados, por parte do Concello, dun distintivo que tería que atoparse no vehículo e en lugar visible para os axentes encargados do control do tráfico.*

#### **ACTUACION QUE SE PROPOÑEN PARA MELLORAR A SEGURIDADE DOS PEÓNS**

##### *Sinalización*

*Ao inicio do tramo pódense colocar sinais de perigo por zona escolar a ambos os dous lados da vía, e no mesmo lugar poñer sinais que limiten a velocidade a 20 Km./hora.*

*Tamen é necesario colocar un sinal informativo de parada de bus xunto o espazo destinado para iso.*

##### *Elevación do paso para peons.*

*Elevando os pasos para os peóns estase instalando un elemento eficaz para a redución da velocidade, e sería necesario facelo no paso para peóns situado fronte o colexio.*

##### *Ensanchamento das beirarruas nas embocaduras do paso para peóns*

*Ensanchando as beirarruas acádase unha redución do ancho da calzada que han de percorrer os peóns ao cruzar a vía, e polo tanto unha diminución do tempo empregado en facelo. Tamen melloramos a visibilidade dos condutores sobre os peóns que esperan para cruzar, xa que ditos peóns no quedarían ocultos ou semiocultos polos coches estacionados. A mellora da visibilidade tamen é para os peóns, xa que lle proporcionamos un lugar de espera "en primeira fila", preto do carril de circulación, desde o ven con maior facilidade aos coches que se acheguen, e que non se deteñan, aínda tendo a obriga de facelo. Do mesmo xeito evítase o estacionamento total ou parcial dos coches sobre dito paso.*

*Todo isto reduce considerablemente o risco de atopelo, polo que esta medida convén*

*levala a cabo no paso de peóns que está fronte ao colexio.”*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda levar a cabo as medidas propostas no informe da Policía Local.

**2.12.-** Dase conta do escrito presentado por Dº Enrique Madan Rodríguez, en representación de ANIDA INMUEBLES ESPAÑA Y PORTUGAL, S.L. (GRUPO BBVA), Rexistro de Entrada nº 4389 de data 13 de outubro de 2011, en contestación a resolución da Alcaldía de data 06 de outubro de 2011, para que proceda a retirar os andamios, grúa e silo de cemento que se atopan ocupando a rúa Xeral, nº20 esquina con Rúa Renque do Peixe en Bandeira (Silleda).

No escrito presentado expón:

*I.- Que la sociedad que represento, es propietaria del Inmueble situado en Rúa Xeral 20 esquina con Rúa Renque do Peixe en Bandeira, termino municipal de Silleda.*

*II.- Que el inmueble al que hacen referencia le fue adjudicado a mi representada en el seno del procedimiento de ejecución hipotecaria 450/2010 seguido por BBVA, S.A. contra Promociones M&C 1885, S.L., en el juzgado de 1ª Instancia e Instrucción nº2 de Lalin, habiéndose sido cedido el remate por BBVA a favor Anida Inmuebles España y Portugal, S.L. en fecha 30 de marzo de 2011, y habiéndose decretado la adjudicación a favor de mi representada el 6 de abril del presente año.*

*III.- Que Anida Inmuebles España y Portugal, S.L. aun no tiene la posesión del inmueble, dado que mediante diligencia de ordenación de 20 de septiembre de 2011, se ha señalado el próximo día 9 de noviembre de 2011 como fecha de Toma Posesión del Inmueble por parte de mi representada.*

*IV.- Que a Anida Inmuebles España y Portugal, S.L. le fue adjudicada únicamente la propiedad del inmueble, no así de los andamios ni de otros elementos diferentes al mismo, cuyo propietario, a día de hoy, es desconocido por mi representada.*

*V.- Que por lo expuesto, Anida Inmuebles España y Portugal, S.L. considera que legalmente no puede acceder al inmueble hasta la fecha de Toma de Posesión decretada, que, en todo caso, no podría disponer, y por lo tanto retirar, los andamios u otros elementos de los cuales no le ha sido adjudicada la propiedad, entendiéndose que la retirada de los mismos corresponde a su legítima propietaria.”*

Vista a imposibilidade de retirada ata o 9 de novembro de 2011 e visto que por motivos de seguridade é necesario retiralos da vía pública.

A Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, acorda comunicar a Andamios Senra, como propietario dos andamios e a Maga Vigo S.L. como propietario da grúa, para que no prazo de dez días, contados a partir da recepción desta notificación, procedan a retirada dos andamios e grúa respectivamente.

**2.13.-** Dase conta do informe xurídico de data 13 de outubro de 2011, en relación a solicitude de devolución de fianza formulada por D. Jesús Fernández González en representación da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S. L. pola obra: CERRAMIENTO E CUBERTA DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE BANDEIRA, no que se sinala:

“Recibida providencia de Alcaldía de data 13 de Outubro do presetne ano, paso a informar o seguinte:

1.- A Ley de Contratos do Sector público, no atinente as responsabilidades afectas ás garantías, recolle o seguinte:

*“Artículo 88. Responsabilidades a que están afectas las garantías.*

*La garantía responderá de los siguientes conceptos:*

- a. De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 196.*
- b. De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- c. De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- d. Además, en el contrato de suministro la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes suministrados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato.*

*Artículo 89. Preferencia en la ejecución de garantías.*

*1. Para hacer efectiva la garantía, la Administración contratante tendrá preferencia sobre cualquier otro acreedor, sea cual fuere la naturaleza del mismo y el título del que derive su crédito.*

*2. Cuando la garantía no sea bastante para cubrir las responsabilidades a las que está afecta, la Administración procederá al cobro de la diferencia mediante el procedimiento administrativo de apremio, con arreglo a lo establecido en las normas de recaudación.*

*Artículo 90. Devolución y cancelación de las garantías.*

*1. La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de éste sin culpa del contratista.*

*2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.*

*El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.*

*3. En el supuesto de recepción parcial sólo podrá el contratista solicitar la devolución o cancelación de la parte proporcional de la garantía cuando así se autorice expresamente en el pliego de cláusulas administrativas particulares.*

*4. En los casos de cesión de contratos no se procederá a la devolución o cancelación de la garantía prestada por el cedente hasta que se halle formalmente constituida la del cesionario.*

*5. Transcurrido un año desde la fecha de terminación del contrato, sin que la recepción formal y la liquidación hubiesen tenido lugar por causas no imputables al contratista, se procederá, sin más demora, a la devolución o cancelación de las garantías una vez depuradas las responsabilidades a que se refiere el artículo 88.*

*Cuando el importe del contrato sea inferior a 1.000.000 euros, si se trata de contratos de obras, o a 100.000 euros, en el caso de otros contratos, el plazo se reducirá a seis meses.”*

*2.-. A partir de data do acta de recepción, comenzará a contar o plazo de garantía que debe figurar no Cuadro de Características, transcurrido o cual sin obxeions por parte da Administración, quedará extinguida a responsabilidade da empresa contratista, salvo a responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose a devolución o cancelación de la garantía, a la liquidación del contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacions pendentes. Si durante o plazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá derecito a reclamar a empresa contratista a subsanación dos mesmos. Terminado o plazo de garantía sin que a Administración formalizara algún reparo o denuncia, a empresa contratista quedará exenta de responsabilidade por razón de la prestación efectuada, sen perxuicio do establecido nos artigos 286,287 Y288 LCSP.*

*Transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sin que a recepción formal e la liquidación tiveran lugar por causas non imputables a empresa contratista, procederase , sin mais demora, a devolución o cancelación de la garantía, sempre que no se producirán as responsabilidades a que se refiere el artículo 88 LCSP.”*

A Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, acorda notificar a Construcciones Suso Chaira S.L. que se está a espera de que se emita o informe técnico, no que conste a deficiencias que presenta a obra e que se lle dará traslado das mesmas para que proceda a subsanalas..

### **3º.- CONTRATACIÓN.**

#### **3.1.- Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada (PPC/11) - Apertura sobre C.**

Visto que de conformidade co RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a Cooperación Económica do Estado ás Inversións Locais, modificado polo RD 1263/2005 de 21 de outubro, Orden de Desenrolo e aplicación do citado Real Decreto, de 31 de xaneiro de 2006 e demais Instrucións da Dirección Xeral de Administración Local, autorizouse pola Deputación a obra correspondente ao Plan Provincial de Cooperación, anualidade 2011.

Visto que con data 20 de maio de 2011 e número de rexistro de entrada 2090 comunícase por parte da Deputación de Pontevedra que non existe obxección ás obras solicitadas polo Concello que consisten no abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada.

Visto que a subvención otorgada é a seguinte:

Total Orzamento	Administración Xeral do Estado	Deputación Provincial	Concello de Silleda
93.450,37 €	37.380,15 €	28.035,11 €	28.035,11 €

Visto o proxecto redactado polos enxeñeiros técnicos industriais Fidel Gude Sanpedro e Javier González Casanova (GAIA enxeñería).

Visto que pola Xunta de Goberno Local de 22 de setembro se aprobou o proxecto e coa mesma data levouse a cabo o replanteo da mesma.

Visto que a Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro acordou iniciar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e que se redactaran os pregos de cláusulas administrativas e técnica particulares.

Visto que na sesión da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2011 aprobouse o expediente e os pregos.

Visto que na sesión de 11 de outubro de 2011 a Xunta de Goberno Local abriu o sobre A coa documentación administrativa.

Visto que con data 14 de outubro a Xunta de Goberno Local abriu o sobre B coa documentación relativa aos criterios de adjudicación que requiren dun xuízo de valor e remitíase ao técnico municipal para a súa valoración.

Recibido o informe do arquitecto D. Lino Doporto Framil no que se valoran as ofertas presentadas polos licitadores e obtendo como resultado o seguinte:

EMPRESA	PUNTOS
Construcciones Sangiao S.L.	10
Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	10
Construcciones Míguez Xestoso S.L.	25
Excavaciones Sabino S.L.	05
Fertaf, Obras y Servicios, S.L.	20

Procédese á apertura do sobre C:

EMPRESA	Valoración Sobre B Puntos	Prazo de Execución		Prazo de Garantía		TOTAL Puntos
		Días	Puntos	Meses	Puntos	
Construcciones Sangiao S.L.	10	40	12,50	6	6	28,50
Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	10	45	11,11	10	10	31,11
Construcciones Míguez Xestoso S.L.	25	10	50	3	3	78,00
Excavaciones Sabino S.L.	5	75	6,66	2	2	13,66
Fertaf, Obras y Servicios S.L.	20	45	11,11	12	10	41,11

Examinadas as ofertas e examinados os aspectos de negociación previstos nos pregos e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e la Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos do Sector Público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

**PRIMERO.** Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- 1º.- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
- 2º.- Fertaf, Obras y Servicios, S.L.
- 3º.- Construcciones Fernández Sarmiento, S.A.
- 4º.- Construcciones Sangiao, S.L.
- 5º.- Excavaciones Sabino, S.L.

**SEGUNDO.** Notificar e requerir a Construcciones Míguez Xestoso, S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte a aquél no que recibira o requerimento, a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e de ter constituído a garantía definitiva que consiste no 5% do importe e adxudicación, excluído o IVE.

Asimismo requíreselle para que de conformidade coa cláusula 21 presente copia do contrato de traballo e da tarxeta de demandante de emprego do traballador que contrate para a obra en aras a cumprir coa condición especial de execución.

#### **4º.- URBANISMO.-**

##### **4.1.- Actividades Clasificadas.**

**4.1.1.-** Licencia Nº 5844/09. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Marcelino Manuel Rodríguez Barreiro, en representación da empresa SILLEDA JARDÍN, S.L., solicitando Licencia de actividade de local para oficinas, a situar na rúa María Colmeiro, nº 5 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de febreiro de 2.010, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprir as medidas correctoras propostas en planos e memoria e a que a ubicación sexa a sinalada no proxecto, non poidendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza

definitiva.

Visto que polo interesado preséntase escrito con rexistro de entrada nº 730, de data 21 de febreiro de 2011, solicitando a visita de inspección para a obtención da licenzia definitiva de actividade.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local,, visto o informe xurídico de data 19 de outubro de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 17 de outubro de 2.011, acorda a concesión de licenzia de actividade a SILLEDA JARDÍN S.L. para local para oficinas, a situar na rúa María Colmeiro, nº 5 baixo (Silleda).

**4.1.2.-** Licenzia Nº 2468/07. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARIA JESÚS SILVA ALÉN, solicitando Licenzia de actividade para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na rúa do Trasdeza (antes Xeral Franco), nº 61 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de xullo de 2.008, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase escrito da técnica redactora do proxecto, arquitecto técnico D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, Rexistro de Entrada nº 7285 de data 13 de novembro de 2007, solicitando a acta de comprobación, por non realizarse obras de ningún tipo, ó estar o mesmo adaptado.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe xurídico de data 19 de outubro de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 18 de outubro de 2.011, acorda a concesión de licenzia de actividade a D<sup>a</sup> MARIA JESÚS SILVA ALÉN para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na rúa do Trasdeza (antes Xeral Franco), nº 61 baixo (Silleda).

**4.1.3.-** Licenzia Nº 3753/10. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>o</sup> Antonio Otero Montoto, en representación de VIVEIRO MARCOS ANTONIO S.C., solicitando Licenzia de actividade para ampliación de explotación hortícola-construción dun almacén, a situar no lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de setembro de 2.010, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe de data 03 de setembro de 2010 sinala o Arquitecto Asesor Técnico Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.



Visto que polo interesado preséntase en data 11 de outubro de 2011, rexistro de entrada nº 4343, nomeamno de dirección de obra, visado polo colexio oficial en data 03 de outubro de 2011, nº 937/10 a favor do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Raúl Sotelo Carral e certificación final de obra suscrita polo redactor do proxecto e Director da Obra, visada polo colexio oficial en data 10 de outubro de 2011, nº 545/11.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 19 de outubro de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 18 de outubro de 2011, acorda a concesión de licencia de actividade a VIVEIRO MARCOS ANTONIO S.C. para ampliación de explotación hortícola-construción dun almacén, a situar no lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda).

**4.1.4.-** Licencia Nº 4621/09. Visto o expediente instruído a instancia de Dº FERNANDO PENA CARAMÉS, solicitando licencia para obra e apertura de almacén de mercancías de construción propias da empresa, a situar no polígono industrial Área 33, marxe "A", mazá nº 4, parcela nº 3 (Ref. Catastral 36052A038007440001LH), segundo proxecto asinado polo Arquitecto técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos delegación de Pontevedra en data 24 de setembro de 2009 e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto visada polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos delegación de Pontevedra en data 24 de setembro de 2009.

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

**RESULTANDO:** Que con data 06 de outubro de 2011 emítase informe xurídico e que con data 06 de outubro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal emítase informe no que se sinala:

**"ANTECEDENTES:**

- 1. En data 29-septembro-2009 (registro de entrada 4621), consta solicitude e de licencia municipal de obra e apertura de actividade, para a construción dunha nave para almacén de mercancías de construción, na parcela nº 3, mazá nº 4 da marxe "A" do parque empresarial Area-33 (Silleda); xúntase coa solicitude dúas copias de proxecto básico asinado polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos, delegación de Pontevedra, en data 24-septembro-2009.*
- 2. En data 10-novembro-2009, consta informe técnico municipal emitido polo arquitecto D. Lino Manuel Doporto Framil, no que se sinalan carencias documentais na documentación aportada coa solicitude e se empraza ó promotor a presentación de documentación.*
- 3. En data 30-novembro-2009, consta informe técnico municipal emitido polo arquitecto D. Lino*

*Manuel Doporto Framil, como subsanación do anteriormente citado, e no que se sinalan carencias documentais na documentación aportada coa solicitude e se empraça ó promotor a presentación de documentación.*

*4. En data 15-xaneiro-2010 (registro de entrada 172), consta presentado dúas copias de anexo o proxecto básico de referencia (en resposta os informes técnicos emitidos e referenciados anteriormente), asinado polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos, delegación de Pontevedra, en data 29-decembro-2009.*

*5. En data 08-febreiro-2010, consta informe técnico municipal emitido polo arquitecto D. Lino Manuel Doporto Framil, no que se sinalan carencias documentais na documentación aportada e se empraça ó promotor a presentación de documentación.*

*6. En data 22-febreiro-2010 (registro de entrada 737), consta presentado dúas copias de anexo o proxecto de referencia (en resposta ó informe técnico emitido e referenciado anteriormente), asinado polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos, delegación de Pontevedra, en data 18-febreiro-2010.*

*7. En data 1-marzo-2010, consta informe técnico municipal emitido polo arquitecto D. Lino Manuel Doporto Framil, no que se sinalan carencias documentais na documentación aportada e se empraça ó promotor a presentación de documentación.*

*8. En data 26-marzo-2011, (registro de entrada 1293), consta presentado dúas copias de anexo o proxecto de referencia (en resposta ó informe técnico emitido e referenciado anteriormente), asinado polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos, delegación de Pontevedra, en data 10-marzo-2010.*

*9. En data 14-outubro-2010, consta certificado expedido pola Secretaria Xeral do Concello de Silleda, no que se especifica que o expediente de solicitude de licenzia municipal, estivo exposto ao público, non habéndose presentado reclamacións conta o mesmo.*

#### **INFORME TÉCNICO:**

*1. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEXO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenzia municipal de obras.*

*2. De acordo co establecido no artigo 195.3 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, e posteriores modificacións, as obras proxectadas terán a consideración de OBRA MAIOR.*

*3. A construción da nave proxectada, realízase nunha parcela que segundo o Plan Parcial do Parque Empresarial "Area-33", ten as seguintes condicións urbanísticas:*

- *Clasificación do Solo: SOLO URBANO INDUSTRIAL.*
- *Calificación do Solo: INDUSTRIAL.*
- *Ordenanza/Norma de aplicación: Normativa do Plan Parcial do Parque Empresarial "Area-33" e modificación aprobada en data 07-marzo-2002, así como Modificación Puntual aprobada definitivamente en data 07marzo-2007.*

*4. O emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal Vixente, segundo se aprecia do seu emprazamento no plano incluído no proxecto técnico de referencia.*

*5. O Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, foi publicado no D.O.G. o día 1 de xullo de 2008, entrando en vigor ós 20 días. A xuízo dos técnicos que suscriben e tendo en conta o especificado no Anexo 11 do citado Decreto, preténdese o desenvolvemento dunha actividade non perxudicial para o medio ambiente.*

*6. O proxecto e anexos presentados, xustifican o cumprimento do CTE-DB SI (seguridade en caso de incendio), así como o R.D. 2267/2004 do 3 de decembro polo que se aproba o Regulamento deseguridade contra incendios nos establecementos industriais.*

*7. Deberá asegurarse a urbanización da zona de retranqueo frontal nas zonas de acceso, mediante hormigón armado ou asfalto que reforce as instalacións de paso, e acondicionamento da zona axardinada.*

*Por todo o anteriormente exposto, considérase que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara a conceder a licenza municipal de obra e provisional de actividade solicitada.*

*Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe, e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, asinados por técnico competente e visados polo colexio profesional correspondente.”*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico

Municipal, non podendo comenzar a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

#### **4.2.- Cambio de titularidade.**

**4.2.1.-** Dase conta do escrito presentado por D<sup>a</sup> Ana Rodríguez González, Rexistro de Entrada nº 3447, de data 17 de agosto de 2011, solicitando o cambio de titularidade a favor de SILLEDA JARDÍN S.L., da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en data 21 de setembro de 2007, a REVOLTA 2005 S.L. para rehabilitación de vivenda unifamiliar a situar no lugar de Chopiño, parroquia de saidres (Silleda), segundo proxecto redactado por D<sup>o</sup> Oscar L. Rodríguez Ramos (Licencia Nº 1420/07).

Vistas as observacións do informe de Secretaría de data 20 de outubro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, acorda conceder o cambio de titularidade da licenza nº 1420/07 a favor de SILLEDA JARDÍN S.L., así como notificar este acordo tanto o petionario como a oficina técnica municipal.

**4.3.-** Visto o escrito presentado por Isabel Maceira Vieites e Ramón Cuíña Maceira de data 11 de outubro de 2011 e número de rexistro de entrada 4369 no que solicitaban que quedara sin efecto e se anulase tanto a suspensión das obra como o precintado das mesmas a efectos de poder proceder ao aseguramento do executado, dos muros de pedra existentes para evitar o seu deterioro e caída polos temporais de esta época do ano.

Visto a providencia da Alcaldía de 13 de outubro 2011 solicitando informe técnico ao arquitecto en relación a devandita solicitude.

Visto o informe do arquitecto no que se recolle literalmente:

"8. Xirada visita de inspección polo técnico que suscribe en data 13 de outubro de 2011, comprobouse dende a vía pública que as obras executadas, como se recolle nos informes do arquitecto técnico municipal e da policía local, así como nas fotos do estado previo que figuran no proxecto básico presentado con R.E. 4370 de 2011, citado no punto 7 deste informe, parecen ser obras de reconstrución dunha vivenda, que non se corresponden coa licenza concedida o 13 de maio de 2010 e, polo tanto, non parecen de reconstrución de muros despois dun desplome."

Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda manter a suspensión da obra e o precintado da mesma ata tanto non conte coa licenza municipal correspondente.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas e cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,